

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	4º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A área á que está destinada a presente programación e a Educación Plástica e Visual, que deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

Polo tanto, é importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado, dado que é unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

A súa finalidade principal na Educación Primaria será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo nun centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) situado na parroquia de Beluso, no Concello de Bueu, provincia de Pontevedra. Dito centro é de liña 1 contando, polo tanto, con tres unidades en Educación Infantil e seis en Educación Primaria. O centro está composto por un edificio con espazos diferenciados para as dúas etapas que nel se imparten. Ademais, ao estar situado nunha zona costeira, contamos gran cantidade de zonas verdes. A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa.

Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 3º de EP (7 ou 8 anos), o alumnado está en plena fase de maduración cognitiva, sendo capaces de desenvolver un pensamento lóxico sobre os obxectos físicos. Neste período comezan a diferenciar os cambios que se producen na súa contorna.

A continuación recolleemos a contextualización do centro e do grupo-clase.

CONTEXTUALIZACIÓN

A proposta está enmarcada dentro do CEIP Plurilingüe Montemogos situado na parroquia de Beluso, pertencente ao concello de Bueu, situado nun entorno costeiro da provincia de Pontevedra. A xornada lectiva desenvólvese en horario de mañá de 9:00 a 14:00 horas.

O 4º nivel da Educación Primaria neste centro está formado por un total de 12 alumnos e alumnas. con diferentes ritmos de aprendizaxe, carecterísticas, necesidades, motivacións e intereses.

CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 4º

Atópanse en idades comprendidas entre os 8 e os 10 anos anos. Nesa etapa están a desenvolver cambios físicos, sociais e emocionais propios da preadolescencia na que cobra especial importancia a construción da súa identidade, o autoconcepto e as relacións cos iguais dentro do grupo.

-Respecto ao ámbito cognitivo: atópanse no estadio das operacións concretas (Piaget), na cal aumenta da capacidade de pensamento lóxico, manifestándose: na descentración, reversibilidade das accións, a conservación, a clasificación xerárquica, a seriación e a compensación, mellorando a súa capacidade de ordenar, clasificar e comparar. Tamén aumenta a capacidade de percibir distancias e direccións, mellorando a percepción e estruturación espacial, temporal e espaciotemporal.

-Ámbito motor: motrizmente, melloran en tódolos aspectos, volvéndose os seus movementos máis eficaces e económicos adquirindo maiores destrezas na súa motricidade fina e grosa.

-Ámbito afectivo-social: no ámbito social e emocional aparece a capacidade de poñerse no lugar de outros, superando o egocentrismo e aumentando a súa capacidade de cooperación relacionándose cos demais, dialogando-escoitando e cooperando.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O outono	Realización de obras utilizando as cores e as figuras xeométricas como elementos fundamentais.	25	9	X		
2	O inverno a a primavera	Reforzaremos e ampliaremos os contidos traballados nas unidades anteriores e o fío conductor serán as estacións que se referencian no título da unidade.	25	9		X	
3	A natureza e o mar	Ampliaranse os contidos e o fío conductor será o mar e a natureza con motivo do festival solidario de Bueu Art for Change que terá a temática do mar.	25	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Artistas	Traballaremos a diferentes artistas e as súas obras.	25	9	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O outono	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Amosar creatividade expresando ideas, sentimentos e emocións nas súas manifestacións artísticas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa no deseño de producións culturais e artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no deseño de producións culturais e artísticas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte o proceso e resultado obtido nas súas obras.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e discontinua; plano; textura; cor. - Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
2	O inverno a a primavera	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos con creatividade e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Amosar creatividade expresando ideas, sentimentos e emocións nas súas manifestacións artísticas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa no deseño de producións artísticas.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha actividade grupal respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte o proceso e resultado obtido nas súas obras.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.

UD	Título da UD	Duración
3	A natureza e o mar	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos con creatividade e mostrando confianza nas capacidades propias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Amosar creatividade expresando ideas, sentimentos e emocións nas súas manifestacións artísticas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa no deseño de producións artísticas.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nunha actividade grupal respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coida e emprega axeitadamente os recursos de traballo.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos e épocas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe as características elementais das manifestacións artísticas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Amosar creatividade expresando ideas, sentimentos e emocións nas súas manifestacións artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa no deseño de producións artísticas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na creación e interpretación de obras audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de recepción activa. - Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado. - Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. - Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.

Contidos

- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Xéneros e formatos básicos de producións audiovisuais.
- Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas.
- Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal.
- Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Artistas	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Amosar creatividade expresando ideas, sentimentos e emocións nas súas manifestacións artísticas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa no deseño de producións culturais e artísticas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grossa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

Contidos

- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel
- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Así, as características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre
Altofalantes
Pinceis, esponxas, témperas e acuarelas.
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Imaxes de obras dos autores
Blog de debuxo, láminas ou cartolinas.
Estoxo.
Pasta de modelaxe e plastilina
Regra, escuadro e cartabón

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro pode ser a aula base ou outra aula de uso compartido, dependendo das necesidades e características das actividades a realizar. Ambas son aulas con ventás que permiten a entrada de luz natural e tamén son aulas ampla que facilitan a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Contan cun ordenador conectado á pantalla que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será fundamental revisar os informes individualizados do noso alumnado.

A avaliación inicial realizarase a primeiros de curso durante o mes de setembro e será o punto de partida do traballo posterior. Terase en conta unha tarefa de debuxo persoal, unha tarefa de colorear con ceras, unha de uso de pincel e outra de recortar. Tamén se observará a súa capacidade para traballar en grupo e as interaccións sociais no grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e sobre a avaliación.

CÓMO AVALIAMOS AO NOSO ALUMNADO?

Principalmente empregaremos procedementos de observación e revisión dos traballos do alumnado. Rexistraremos a información empregando diferentes Instrumentos de Avaliación como:

- ESCALAS DE VALORACIÓN.
- REXISTRO ANECDÓTICO: para acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación.
- LISTAS DE CONTROL: ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indica se se realizan ou non.
- RÚBRICAS.

CÁNDO AVALIAMOS AO NOSO ALUMNADO?

1- Avaliaremos en cada unidade didáctica.

Avaliarase en cada unha das Unidades Didácticas sobre 10. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD nas tarefas correspondentes.

2- Avaliaremos en cada trimestre.

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres. A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 75,75% + UD4 24,25%

-2º trim.: UD2 75,75% + UD5 24,25%

-3º trim.: UD3 73,5% + UD5 26,5%

Estas porcentaxes que son as que corresponden a avaliación de cada unidade durante o curso, será ponderada sobre 100 en cada trimestre para obter unha nota sobre 10.

Así mesmo, o peso que ten cada UD dentro da materia é o seguinte:

-1º trim.: UD1 25% + UD4 8%

-2º trim.: UD2 25% + UD5 8%

-3º trim.: UD3 25% + UD5 9%

3- Avaliaremos ao final de curso na avaliación final u ordinaria.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 33,3%

-2º trim. 33,3%

-3º trim. 33,4%

Finalmente, é importante aclarar que cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fose un resultado con decimais, por defecto aplicárase o seguinte criterio:

-Se o decimal estivese entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-Se o decimal estivese entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

Criterios de recuperación:

Cando o progreso dun alumno/a non é o axeitado e non alcance os mínimos establecidos nos criterios de avaliación estableceremos as seguintes premisas:

-Comunicación disto á familia e paralelamente á persoa docente titora. A recuperación consistirá na entrega dun traballo que convalide eses mínimos ou no caso dalgún traballo que teña pendente. Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folia que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- En canto aos criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

- Para os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo ou específicos proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD dándolle ao alumnado a oportunidade de alcanzalos.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é un factor inherente a calquera grupo-clase. Cada alumno/a é diferente e estas diferenzas son consecuencia de diversos factores: capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, etc.

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

- En primeiro lugar realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada nena/o. Os resultados desa avaliación serán o punto de partida para o traballo e terase en conta o progreso de cada nena/o e non só os seus resultados de aprendizaxe.

- Atenderemos ao principio de INDIVIDUALIZACIÓN no ensino, adaptándonos a cada neno/a e propoñendo actividades que se adapten a distintos niveis.

- Atenderemos ao principio de INCLUSIÓN educativa, promovendo e buscando a inclusión de todo o alumnado. Para conseguir este fin incorporáranse metodoloxías como o traballo cooperativo en grupos heteroxéneos.

- Facilitando espazos e estratexias de participación para todas as alumnas e alumnos.

- Realizaranse actividades de REFORZO e AMPLIACIÓN cando sexa preciso.

MEDIDAS PARA ATENDER AS NEAE:

Enténdese por alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A atención das NEAE levarase a cabo de forma coordinada con todo o profesorado que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Se priorizarán as seguintes medidas:

- Adaptacións metodolóxicas.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Colaboración co profesorado do grupo, especialmente o profesorado titor.
- Reforzo educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora.	X			X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X			
ET.3 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.		X	X	
ET.4 - Creatividade	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento			X	
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e rexeitamento da violencia.		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable.			X	
ET.9 - Educación para a saúde.			X	
ET.10 - Educación emocional.	X			X
ET.11 - Respecto da diversidade.	X	X	X	X
ET.12 - Autonomía.	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Exporemos os traballos e producións nos corredores.	X	X	X
Obradoiros.	De diferentes temáticas, dependendo das necesidades e actividades que se plantexen ao longo do curso		X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións recollidas no calendario escolar.	Contribuiremos coa decoración ou ambientación de espazos.	X	X	X
Participación no festival "Art for change"	Participaremos con diferentes propostas artísticas.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As actividades propostas contribúen ao logro dos obxectivos.
As actividades propostas contribúen ao logro das competencias clave.
Contidos: a secuenciación, estruturación e organización foi axeitada.
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente os temas transversais (igualdade, educación para a saúde...).etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptada ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planificación: adecuación das tarefas dos tempos e da organización na aula.
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
O clima na aula foi adecuado para o traballo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Houbo coordinación cos mestres que imparten no grupo.
Outros
O proceso de ensinanza-aprendizaxe favorece a autonomía e a participación do alumnado.
Coordinación co profesorado.

Descrición:

Tal e como se recolle no Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, non só se deben avaliar as aprendizaxes logradas polo alumnado, senón que tamén se deben avaliar os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, polo que é necesario establecer indicadores de logro nas programacións didácticas para avaliar os mencionados procesos de ensino e a práctica docente.

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso.

Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como a escala de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica. Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final.

Ademais, realizarase un seguimento trimestral da programación. Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo. Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Os aspectos susceptibles de análise serán os formulados no apartado 8.1. para a avaliación do proceso de ensinanza e a práctica docente, os resultados obtidos polo alumnado e calquera outro que poidan requirir as administracións.

9. Outros apartados